

SIMPOSIO ILG 2025
A INTELIXENCIA ARTIFICIAL E A LINGUA GALEGA: OPORTUNIDADES E RISCOS
18-20 de novembro de 2025
Facultade de Filoloxía da Universidade de Santiago de Compostela

A ARTE DE DAR VOZ ÁS MÁQUINAS: UN PERCORRIDO POLA SÍNTESE DE VOZ

CARMEN MAGARIÑOS

Instituto da Lingua Galega

Universidade de Santiago de Compostela

Nesta charla mergullarémonos no mundo da síntese de voz, a tecnoloxía que lles permite ás máquinas “falar”. Exploraremos a impresionante evolución desta tecnoloxía, dende os seus humildes comezos con voces robóticas e monótonas ata as voces artificiais de hoxe en día, case indistinguíbles das humanas. Analizaremos como os avances no *deep learning* e as redes neuronais revolucionaron este campo, permitindo a xeración de voces cunha calidade e naturalidade sorprendentes. Descubriremos os principios técnicos que fan posible esta “arte”, as súas principais aplicacións e os desafíos que aínda se presentan, tanto xerais coma específicos, para a lingua galega. Veremos, ademais, a metodoloxía para xerar un sistema de síntese completo, desde a adquisición dos datos necesarios para o adestramento dos modelos ata a avaliación dos sistemas resultantes.